

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

18373 *Real decreto 1597/2010, do 26 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Desde a súa aprobación viuse a necesidade de modificar certos aspectos del para unha mellor comprensión da norma e axuste aos obxectivos perseguidos polo lexislador. O obxecto deste real decreto é realizar as mencionadas modificacións. O artigo 59 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, exclúe as hectáreas correspondentes ao cumprimento dos índices de barbeito simplificado do pagamento da axuda do Programa nacional para o fomento de rotacións de cultivo en terras de secaño. Posto que aínda que é certo que o repouso da terra trae aparelados beneficios agroambientais, tamén o é que o respecto aos índices de barbeito simplificado comporta un lucro cesante que debe ser compensado ao agricultor. Procede, polo tanto, modificar o dito real decreto co fin de incluír as hectáreas de barbeito entre aquelas beneficiarias da axuda.

Por outra banda, o artigo 61 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, establece que o cultivo se debe manter como mínimo ata o 31 de maio ou, de ser o caso, ata a data establecida pola comunidade autónoma. Posto que é este un programa con obxectivos ambientalmente beneficiosos e non produtivos, convén aclarar que esa data se establece co fin de dar marxe de tempo abondo para os efectos de efectuar os controis pertinentes.

O artigo 73 do mesmo real decreto establece no seu número 3 o mecanismo para evitar a superación das superficies de base fixadas para os diferentes tipos de denominacións de calidade diferenciada no Programa nacional para a calidade dos legumes. O seu primeiro parágrafo establece a utilización dun factor de corrección de superficies. O seu segundo parágrafo refírese a montantes de axuda por hectárea. Debe, polo tanto, corrixirse o erro para determinar que o mecanismo para evitar a superación de superficies de base é o uso dun factor de corrección, e permanece a axuda base por hectárea fixa en 100 euros por hectárea.

O artigo 109 establece na súa letra j) as comunicacións que as comunidades autónomas deben remitir ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño en relación co Programa nacional para o fomento de rotacións de cultivo en terras de secaño. Para poder dar cumprimento ao establecido no artigo 1.b) do artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1120/2009 faise necesario aclarar que entre os datos que se deberán facilitar antes do 15 de xullo está tamén a superficie solicitada con dereito ao pagamento dos complementos 1 e 2, de ser o caso.

Nos artigos 54.1, 86.2 e 96.2 establécense os requisitos para a concesión aos agricultores de pagamentos a producións de calidade (carne de vacún, producións de ovino e cabrún e produtos lácteos, respectivamente). Co obxecto de unificar os criterios para a concesión de cada un destes pagamentos, é conveniente equiparar a redacción para as tres liñas de axuda no concerne ao ámbito temporal en que os sistemas descritos deben estar recoñecidos oficialmente.

Así mesmo, en prol de evitar posibles confusións relativas ao ámbito de aplicación, é conveniente separar dentro das axudas para fomentar a produción de produtos lácteos de calidade aquelas enmarcadas dentro de denominacións de calidade da relativa á etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q». Isto fai necesario modificar os artigos 94, 95 e 96, así como o anexo XV do real decreto.

Neste sentido, a liña de axuda para o sector lácteo establecida na letra b) do número 1 do artigo 94 non entrará en vigor ata o ano 2011, circunstancia que se debe advertir nunha disposición adicional para o efecto. Dado que a percepción desta liña de axuda queda sometida ao cumprimento do establecido no Real decreto 405/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o uso do logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, non resulta posible a súa aplicación en 2010, de acordo coa regulación establecida para ese sector.

Nos artigos 54.1 e 96.2 é preciso adaptar a exigencia no proceso de control das entidades independentes ás verdadeiras necesidades en función da natureza dos elementos que proporcionen valor engadido incluídos nos esquemas de certificación.

As axudas específicas destinadas a agricultores de ovino e cabrún cuxa produción estea amparada por denominacións de produción de calidade exixen que estas estean desenvolvidas, en canto á etiquetaxe facultativa, sobre a base do Real decreto 104/2008, do 1 de febreiro, e conformes coa Resolución do 10 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros. Dado o especial réxime de financiamento das comunidades autónomas de Navarra e País Vasco, e de acordo co disposto no acordo específico adoptado na 95.^a reunión da Comisión Delegada do Goberno para Política Autonómica, do 20 de marzo de 1989, é necesario modificar o artigo 86.2 f) para considerar na mención o Real decreto 104/2008, non só as normas autonómicas de desenvolvemento deste, senón a normativa foral que persiga a mesma finalidade e obxectivos.

Así mesmo, no citado real decreto, advertíronse erros nos puntos 1 e 2.a) do artigo 88 en que se establecen os requisitos e compromisos que deben manter as agrupacións de ovino e cabrún e no artigo 93.b), que establece os importes das axudas por animal elixible, polo que procede realizar a oportuna rectificación.

Por outra banda, o artigo 97 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, establece que os agricultores que desexen obter determinadas axudas establecidas no artigo 1 deberán presentar unha solicitude única segundo o establecido no anexo I. Dado que o prazo de presentación da solicitude única para 2010 xa finalizou, as modificacións deste anexo recollidas neste real decreto serán de aplicación para 2011.

No punto III, número 4, do dito anexo recóllese a obriga de indicar a utilización das parcelas declaradas na solicitude única; é necesario adaptar o dito punto á definición de hectárea admisible consagrada no Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, e no Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime do pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010.

No número 5 do punto III do citado anexo requírese introducir a referencia ao Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos no que á reforestación de terras agrarias se refire, xa que, aínda que se trate dun regulamento derogado, existen compromisos adoptados na súa virtude. O artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, establece respecto ao Regulamento (CE) n.º 1257/1999 que este seguirá sendo aplicable ás medidas aprobadas pola Comisión en virtude do dito regulamento antes do 1 de xaneiro de 2007.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 1.e) do artigo 54, que queda redactado como segue:

«e) Etiquetaxe facultativa da carne que implique uns requisitos superiores aos exixidos na normativa aplicable. Neste caso, soamente se poderán aceptar os que inclúan como elementos que proporcionen valor engadido, algún dos cales se relaciona a continuación:

1.º Características do animal: animais pertencentes a razas autóctonas.

2.º Características de produción: produción en réxime extensivo ou ceba e sacrificio de animais que permanecesen coa nai un período mínimo de 5 meses.

3.º Alimentación: sistemas de alimentación que inclúan porcentaxes ou cantidades mínimas no penso de cereais, vitaminas, ácidos graxos ou outros compoñentes coa finalidade de mellorar a calidade organoléptica ou nutritiva da carne.

4.º Ambiente: utilización de enerxías renovables na explotación, programas de aforro enerxético ou de recursos, principalmente hídricos, redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

En todo caso, o alcance do prego débese estender desde a explotación gandeira, de forma que o cumprimento de todos os elementos que acheguen valor engadido que conteña dependerá directamente das actuacións realizadas na propia explotación.

Todos os pregos se axustarán ao previsto no Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún. As entidades independentes de control verificarán o cumprimento das características que acheguen valor engadido a través de auditorías, aplicando criterios técnicos suficientes que permitan asegurar o control das características de toda a produción amparada polo prego. O proceso de control incluírá polo menos unha visita anual ao 25 por cento das explotacións no prego e cada explotación deberá ser visitada, como mínimo, unha vez cada catro anos cando existan elementos que acheguen valor engadido que non poidan ser verificados exclusivamente mediante controis administrativos.

A entidade xestora do prego deberá ter no seu poder toda a información de identificación e rexistro dos animais sacrificados ao abeiro do prego de etiquetaxe facultativa para, se é o caso, poñela á disposición do órgano xestor da comunidade autónoma por requirimento deste, para os efectos da comunicación indicada na letra i) do número 2 do artigo 109.

Para estes efectos, a partir da información achegada polas comunidades autónomas segundo se establece na letra i) do número 2 do artigo 109, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño fará pública, antes do 1 de febreiro de cada ano de solicitude, unha relación nacional de pregos de etiquetaxe facultativa que cumpran coas condicións establecidas neste punto.»

Dous. O sexto parágrafo do artigo 59 substitúese polo seguinte:

Considérase superficie con dereito a pagamento da axuda establecida nesta sección a superficie elixible solicitada incluídas as hectáreas correspondentes ao cumprimento dos índices de barbeito simplificado, expresados en hectáreas de

barbeito por cada 100 hectáreas solicitadas con dereito a pagamento, que figuran no anexo XI, diferenciados por índice de rendemento comarcal. Se non se respecta este valor, a superficie de cultivo pola cal se solicita o pagamento por explotación obxecto do programa reducirase proporcionalmente ata alcanzar o índice de barbeito correspondente.»

Tres. Modifícase a letra b) do artigo 61, que queda redactado como segue:

«b) Cultivar con cultivos herbáceos elixibles, dos recollidos no anexo IX, e conforme as prácticas locais, toda a superficie con dereito a pagamento, agás aquela que sirva para xustificar o respecto aos IBS, pola cal se solicita a axuda. Co fin de dar tempo suficiente para a realización dos controis regulamentarios, o cultivo deberase manter como mínimo ata o 31 de maio ou, de ser o caso, ata a data establecida pola comunidade autónoma.»

Catro. Modifícase a letra c) do artigo 61, que queda redactado como segue:

«c) Cultivar polo menos o 20 por cento das hectáreas cultivadas a que se refire o parágrafo anterior coas oleaxinosas, proteaxinosas e/ou leguminosas elixibles citadas no anexo IX, columnas 2, 3 e 4.»

Cinco. Modifícase o segundo parágrafo do número 3 do artigo 73, que queda redactado como segue:

«Se froito da aplicación do parágrafo anterior, o factor de redución lineal de superficie para as superficies baixo DOP e IXP resultar superior ao obtido para as de agricultura ecolóxica, ambos os dous factores se igualarían. De igual maneira se procederá se o factor de redución lineal de superficie para as superficies de agricultura ecolóxica resultar superior ao obtido para as doutras denominacións de calidade diferenciada.»

Seis. O artigo 86 queda modificado como segue:

a) O primeiro parágrafo do número 2 queda redactado da seguinte forma:

«Terán a consideración de denominación de calidade para estes efectos os seguintes sistemas de calidade recoñecidos oficialmente no sector ovino e cabrún mediante a correspondente norma legal.»

b) No número 2 a letra f) substitúese pola seguinte:

«f) Etiquetaxe facultativa desenvolvida sobre a base do establecido no Real decreto 104/2008, do 1 de febreiro, ou norma autonómica de desenvolvemento e execución deste, así como, para o caso do País Vasco, o establecido no Decreto 13/2004, do 20 de xaneiro, de agrupacións de produtores agrarios e as súas unións na Comunidade Autónoma do País Vasco. Ademais, deberán ser conformes coas condicións recoñecidas mediante a Resolución do 10 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, pola que se aproba a guía da etiquetaxe facultativa de carne de año e cabrito ou con calquera esquema de certificación de calidade recoñecida polas autoridades competentes autonómicas nos territorios forais mediante a correspondente norma.»

Sete. O número 3 do artigo 87 queda modificado como segue:

«O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, segundo a información subministrada polas comunidades autónomas de acordo co establecido na letra o) do número 2 do artigo 109 establecerá anualmente a contía da axuda específica por cabeza dividindo o montante global dos fondos entre o número de cabezas que cumpran as condicións establecidas nos artigos 88 e 89.»

Oito. O artigo 88 queda modificado como segue:

a) O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 88 queda redactado do seguinte xeito:

«1. As axudas limitaranse a produtores integrados nalgunha das explotacións asociativas que define o artigo 6, letras a) e b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, cuns censos mínimos de reprodutoras para vida, propiedade dos titulares de explotación asociados de 5.000 reprodutoras e en cuxos estatutos se desenvolva como finalidade algún dos seguintes obxectivos:

a) A dotación de infraestruturas para a ceba e tipificación de años/cabritos e/ou a comercialización en común da súa carne e/ou la.

b) Emprender accións comúns para a mellora da rastrexabilidade e/ou etiquetaxe da produción.

c) Dotación de servizos comúns e de substitución (por exemplo, para o pastoreo, rapa...).

d) Levar a cabo accións comúns de formación, mellora tecnolóxica ou innovación, no ámbito da produción e/ou da comercialización.»

b) O número 2.a) substitúese polo seguinte:

«a) Manter a súa actividade e polo menos o 90 por cento do censo indicativo asociado durante os tres anos seguintes á data de solicitude da primeira axuda, é dicir, durante o ano de solicitude e os dous seguintes.»

Nove. A letra b) do artigo 93 substitúese pola seguinte:

«b) No caso de explotacións con superficie forraxeira destinada á alimentación do gando produtor de leite superior a 0,40 hectáreas por animal elixible: o importe completo da axuda complementaria para os 40 primeiros animais e o 70 por cento do importe completo para os seguintes, ata un máximo de 100 animais por explotación.»

Dez. O número 1 do artigo 94 queda modificado como segue:

«1. En virtude da letra a) ii do número 1 do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, concederáse unha axuda específica aos titulares de explotacións de vacún de leite que comercialicen a súa produción ao abeiro dalgunha das seguintes liñas:

a) Unha denominación de calidade.

b) Etiquetaxe facultativa co logotipo “Letra Q”.»

Once. O artigo 95 queda modificado como segue:

«Artigo 95. *Requisitos.*

Ademais do establecido nas disposicións comúns do artigo 83, os agricultores que queiran optar a estas axudas en calquera das dúas liñas establecidas no artigo 94.1 deberán comercializar, baixo os requirimentos exixibles en cada caso, a produción de polo menos un 25 por cento das vacas de aptitude láctea da explotación.»

Doce. O artigo 96 queda modificado como segue:

«Artigo 96. *Condicións de concesión.*

1. A axuda aboarase por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as vacas de idade igual ou maior a 24 meses que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de

Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, localizadas na explotación en 30 de abril do ano de solicitude, cuxa produción fose comercializada ao abeiro dalgunha das liñas establecidas no artigo 94.1.

2. Terán a consideración de denominación de calidade para estes efectos os seguintes sistemas de calidade recoñecidos oficialmente no sector vacún leiteiro mediante a correspondente norma legal:

De ámbito comunitario:

- a) Indicacións xeográficas protexidas.
- b) Denominacións de orixe protexidas.
- c) Especialidades tradicionais garantidas.
- d) Gandaría ecolóxica.

De ámbito nacional:

e) Gandaría integrada.
f) Esquemas de certificación de calidade recoñecida polas autoridades competentes que impliquen uns requisitos superiores aos exixidos na normativa xeral. Neste caso, soamente se poderán aceptar os que inclúan como elementos que acheguen valor engadido, algún dos cales se relacionan a continuación:

- 1.º Características de produción: produción en réxime extensivo.
- 2.º Alimentación: sistemas de alimentación que inclúan porcentaxes ou cantidades mínimas no penso de cereais, vitaminas, ácidos graxos ou outros compoñentes coa finalidade de mellorar a calidade organoléptica ou nutritiva do leite.
- 3.º Ambiente: utilización de enerxías renovables na explotación, programas de aforro enerxético ou de recursos (auga), redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- 4.º Calidade hixiénico-sanitaria do leite alén dos requisitos legais obrigatorios.

En todo caso, o alcance do prego débese estender desde a explotación gandeira, de forma que o cumprimento de todos os elementos que acheguen valor engadido que conteña dependerá directamente das actuacións realizadas na propia explotación.

Todos os esquemas de certificación se axustarán ao previsto na súa correspondente norma legal establecida mediante normativa básica ou polo órgano competente da comunidade autónoma.

As entidades independentes de control verificarán o cumprimento das características que acheguen valor engadido a través de auditorías, aplicando criterios técnicos suficientes que permitan asegurar o control das características de toda a produción amparada polos esquemas de certificación. O proceso de control incluirá polo menos unha visita anual ao 25 por cento das explotacións no esquema e cada explotación deberá ser visitada, como mínimo, unha vez cada catro anos cando existan elementos que acheguen valor engadido que non poidan ser verificados exclusivamente mediante controis administrativos.

Para estes efectos, a partir da información achegada polas comunidades autónomas, segundo se establece na letra q) do número 2 do artigo 109, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño fará pública, antes do 1 de febreiro de cada ano de solicitude, unha relación nacional dos esquemas de certificación de calidade que cumpran coas condicións establecidas neste punto.

3. Canto á etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q», deberase cumprir o establecido no Real decreto 405/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o uso do logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e produtos lácteos.

4. Os responsables dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas, denominacións de orixe protexidas ou especialidades tradicionais garantidas, así como os da produción gandeira ecolóxica, integrada, esquemas de certificación de calidade e do logotipo «Letra Q», comunicarán aos organismos competentes das comunidades autónomas, para estes efectos, antes do 1 de febreiro do ano seguinte ao da presentación da solicitude única, a información establecida no anexo XV.

5. Para determinar o número de vacas elixibles por cada explotación que cumpra os requisitos do artigo 95, dividirase a cantidade en quilogramos comercializados durante o ano de presentación da solicitude única baixo as distintas denominacións de calidade e logotipo «Letra Q» entre o rendemento lácteo medio recoñecido para España no Regulamento (CE) n.º 316/2009 da Comisión, do 17 de abril de 2009, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1973/2004, derogado polo Regulamento (CE) n.º 1121/2009, do 29 de outubro. Porén, a autoridade competente poderá utilizar calquera documento por ela recoñecido para certificar un rendemento medio do gando leiteiro diferente para cada agricultor.

6. O importe das axudas por animal elixible será:

a) No caso de denominacións de calidade de ámbito comunitario: o importe completo da axuda.

b) No caso do resto de denominacións de calidade e etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q»: o 80 por cento do importe completo da axuda.»

Trece. Engádesse un cuarto parágrafo á letra j) do punto 2 do artigo 109 co seguinte texto:

«A superficie solicitada con dereito ao pagamento do complemento 1.»

Catorce. Engádesse un quinto parágrafo á letra j) do punto 2 do artigo 109 co seguinte texto:

«A superficie solicitada con dereito ao pagamento do complemento 2.»

Quince. Modifícase o segundo parágrafo da letra k) do punto 2 do artigo 109, que queda redactado como segue:

«Co obxecto de calcular, se é o caso, os factores de redución lineal de superficie a que se refire o número 3 do artigo 73, antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, a superficie determinada para o pagamento da axuda desagregada por tipo de denominación de calidade diferenciando a agricultura ecolóxica das DOP e IXP, así como doutras denominacións de calidade diferenciada recoñecidas.»

Dezaseis. O anexo I queda modificado como segue:

Os puntos 4 e 5 do punto III quedan redactados da seguinte forma:

«4. A utilización das parcelas, indicándose en todo caso o produto cultivado, os pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, o barbeito e tipo deste, os cultivos permanentes, no caso da pataca se é para fécula ou para consumo humano, as superficies plantadas con plantas forestais de rotación curta (código NC ex 0602 90 41), podendo indicarse «non cultivo» no caso de parcelas non cultivadas e declaradas exclusivamente para xustificar dereitos de pagamento único.

5. Declararase por separado o barbeito ambiental conforme o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, e a repoboación forestal conforme o mesmo regulamento ou o Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo

do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.».

Dezasete. O anexo XV substitúese polo seguinte:

«ANEXO XV

Datos mínimos que conterá o ficheiro informático que remitirán os responsables das denominacións de calidade e da etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q», coas explotacións e titulares dos produtores de vacún de leite que comercializasen toda ou parte da súa produción baixo os sistemas considerados no artigo 94

O ficheiro informático terá preferentemente formato Access en calquera das súas versións. Porén, poderase utilizar calquera outro xestor de bases de datos e deberá incluír os seguintes campos:

A. Identificación do sistema:

Denominación do sistema.

NIF do titular do sistema.

Teléfono, telefax e enderezo de correo postal e electrónico do sistema.

B. Identificación das explotacións que comercializaron a súa produción ao abeiro dos sistemas establecidos no artigo 94 durante o ano da presentación da solicitude única por parte do produtor:

Cantidade expresada en quilogramos de leite comercializados pola explotación ao abeiro do sistema correspondente durante todo o ano da solicitude.

Código REGA da explotación, conforme o establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

NIF do titular da explotación.»

Disposición adicional única.

Alínea de axuda establecida na letra b) do número 1 do artigo 94, baseada na etiquetaxe facultativa co logotipo «Letra Q», será de aplicación a partir de 2011. Así mesmo, a modificación do anexo I a que se refire o número dezaseis será de aplicación a partir de 2011.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de novembro de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO